

Política de calidade

Rede de Formación do Profesorado

A **rede de formación permanente do profesorado** definiu a calidade como parte fundamental da súa política e da súa estratexia, e adoptou un sistema de xestión baseado na calidade como modelo de referencia para a xestión da Institución. Este sistema de aseguranza da calidade está baseado na Norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Máis en concreto, dende a súa creación adoptou a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- O traballo ben feito e a mellora continua das nosas actividades, dos servizos que prestamos e dos procesos de traballo.
- A achega de valor ao profesorado, ao persoal do centro, ás escolas de nais e pais escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas.
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- A xestión dos procesos orientada á mellora continua mediante a planificación, o desenvolvemento e a revisión a mellora destes.
- A mellora dos resultados definindo os indicadores e obxectivos, e avaliando o seu nivel de logro.
- Os requisitos implícitos, explícitos, da persoa usuaria, regulamentarios e os propios da nosa organización.

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Mantemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2015.
- Medición e análise periódica da satisfacción de servizos polas persoas usuarias.
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Así mesmo, despréganse nos Obxectivos de Calidade a través da formulación e o seu cumprimento. Os obxectivos da **rede de formación permanente** serán computables e medibles a través de indicadores; todos eles constitúen os obxectivos da calidade. O grao de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. Todas as persoas que desenvolven o seu traballo na rede de formación aceptan este compromiso e a súa responsabilidade no cumprimento dos requisitos establecidos no Sistema de Xestión da Calidade, así como o de



participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

Política pedagóxica

A rede de formación ten en conta as seguintes directrices:

- Levar a cabo una tarefa de prospectiva e anticipación aos cambios vindeiros, para así estar mellor preparados no deseño e planificación da oferta formativa.
- Detectar e recoller as necesidades de formación nos centros do seu ámbito de actuación, e propoñer iniciativas e accións formativas que satisfagan esas necesidades ou demandas.
- Coordinar e xestionar as actividades formativas que integran o plan anual de formación do profesorado aprobado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e conseguir un alto grao de satisfacción por parte do alumnado.
- Promover accións formativas nos centros, encamiñadas a impulsar a investigación educativa, preferentemente no campo da innovación e experimentación didácticas.
- Facilitarlles un servizo de documentación, elaboración e difusión de material didáctico e pedagóxico ao profesorado e aos centros de ensino do seu ámbito territorial.
- Realizar actividades de intercambio, debate e difusión de experiencias educativas entre o profesorado.
- Impulsar e apoiar a participación do profesorado en seminarios, grupos de traballo e proxectos de formación en centros ou calquera outra modalidade de formación.
- Contribuír á dinamización social e cultural das zonas educativas de especial dificultade do seu ámbito de influencia.
- Favorecer o coñecemento e utilización efectiva de materiais e recursos técnicos.
- Dar soporte ás Escolas de Nais e Pais.
- Asegurar a profesionalidade e compromiso das persoas da rede de formación, proporcionándolles o clima adecuado, os recursos precisos e a formación necesaria.
- Desenvolver unha relación baseada no beneficio mutuo co profesorado, para proporcionar un servizo eficaz e eficiente.
- Conseguir o máis alto nivel de desempeño en todos os procesos e especialmente naqueles que teñen relación directa coa satisfacción dos grupos de interese.
- Asegurar o comportamento ético nas relacións con todos os grupos de interese, así como no cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios aplicables.
- Calquera outra que a Administración educativa lle encomende en relación cos obxectivos propios do centro.



Esta **Política de Calidade** é o marco de referencia que se utiliza para a fixación e o seguimento dos obxectivos anuais.

Comunicación da política da calidade

A política da calidade da Rede de Formación, publicada na web dos diferentes centros de formación, CFR/CAFI está dispoñible para a súa consulta por todas as partes interesadas:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cafi>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrcoruna>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrferrol>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrlugo>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrourense>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrpontevedra>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrvigo>

Jesús Manuel Álvarez Bértolo,

Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

Santiago de Compostela , 04 de novembro de 2022.

